



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario O persoal funcionario interino: réxime xurídico e respostas á problemática suscitada pola temporalidade na Función Pública

CONVOCATORIA: Webinario O persoal funcionario interino

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 13/11/2020 - 08:00h ao 16/11/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O obxectivo principal desta actividade é analizar a temporalidade na Función Pública, un dos principais retos a que se enfrontan hoxe en día as administracións públicas en España, tal e como demostran os actuais traballos de reforma do Estatuto básico do empregado público neste punto. Ademais da equiparación de réximes xurídicos entre o persoal funcionario de carreira e o persoal funcionario interino, identificando o que é propio de cada un deles en función da súa natureza, o maior reto vén dado pola laxitude das relacións temporais funcionarias, particularmente en ámbitos como a sanidade, a educación ou a Administración local. O seminario analiza o réxime xurídico do persoal funcionario interino, partindo das circunstancias que amparan o seu nomeamento e abordando tanto as solucións adoptadas para paliar a temporalidade como as posibles transformacións en indefinidas de interinidades ou os propios procesos de estabilización.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Nesta actividade trataranse os seguintes contidos:

- O persoal funcionario interino.
 - Concepto.
 - Características. En particular, a temporalidade.
 - O inesperado impacto do dereito europeo e as súas confusas consecuencias.
- Selección do persoal funcionario interino.
- Nomeamento do persoal funcionario interino.
 - Presuposto: urxencia e necesidade.
 - Circunstancias de nomeamento.
- Cesamento do persoal funcionario interino.
- Dereitos e obrigas do persoal funcionario interino: a progresiva asimilación ao persoal funcionario de carreira.

6. Consecuencias da temporalidade sucesiva ou de longa duración no emprego público.

a) A transformación da relación en indefinida ou permanente.

b) A pretendida indemnización no momento do cesamento.

c) Os procesos de estabilización como resposta.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión vira determinada pola data e hora da presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.

2. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Régime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar o nome do curso: O funcionario interino: réxime xurídico e respostas á problemática suscitada pola temporalidade na Función Pública.

3. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 19/11/2020 a 19/11/2020

NUM. PRAZAS: 60

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JESUS ANGEL FUENTETAJA PASTOR

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 19 de novembro de 12:00 a 13:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>